

Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

### Apertura da campaña periódica de vixilancia da saúde

A Universidade de Vigo realiza para cada centro o calendario anual de citas e prazos para anotarse e dalle a oportuna difusión para garantir que se leva a cabo a preceptiva posta a disposición do recoñecemento médico de carácter periódico, polos seguintes medios:

Expóñense cunha antelación mínima de 30 días, en lugar visible en cada centro, e en todo caso, sempre na conserxería do centro.

Publicase na páxina web da Universidade de Vigo.

Realízase un correo electrónico xeral ás seguintes listas de correo electrónico:

- Lista de comunidade
- Avisos
- PAS
- PDI

A comunicación por correo electrónico realízase:

- O día de comezo do prazo de anotación
- Tres días antes de rematar o prazo de anotación

Datas de recoñecemento previstas para cada centro.

Determinanse no calendario anual de citas e prazos.

Prazos para apuntarse.

En xeral, e por defecto, a cita realízase cunha antelación de 15 días á data solicitada.

Os prazos determinanse, e recóllense no calendario anual de citas, e prazos.

	<i>Nome</i>	<i>Data</i>	<i>Selo e Sinatura</i>
Elaborado por Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL)	Mª. José Montero Vilariño. Mª. del Carmen Álvarez González.	05/04/2010	
Revisado por Comité de Seguridade e Saúde (CSS)	José Manuel García Vázquez.	21/09/2011	
Aprobado por Xerencia	Manuel Fernández Jauregui.	21/12/2011	

Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

## Apertura da campaña periódica de vixilancia da saúde

Lugar de realización da solicitude.

Levarase a cabo no lugar que se determine en cada centro, e por defecto, na conserxería do mesmo.

Forma de realizar a solicitude.

Agás nos casos específicos (referidos a continuación), mediante anotación nas listas de anotación dispostas a tal efecto en cada centro.

*Criterio de asignación do Servizo de Vixilancia da Saúde.*

Agás casos específicos, o traballador/a fará o recoñecemento médico no Servizo de Vixilancia da Saúde que lle corresponda en función da súa adscrición ao seu centro de traballo, e ao campus no que dito centro se encontre, segundo o establecido a continuación:

### Centros de traballo do Campus de Vigo

Centros de traballo do Campus de Lagoas Marcosende.

Recoñecemento médico na Unidade de Vixilancia da Saúde do Servizo de Prevención Alleo, situada no Edificio da Biblioteca Universitaria (Biblioteca Central).

Centros de traballo do Campus de Torrecedeira, e Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT).

Recoñecemento médico nas instalacións do Servizo de Vixilancia da Saúde do Servizo de Prevención Alleo.

### Centros de traballo do Campus de Pontevedra

Recoñecemento médico nas instalacións do Servizo de Vixilancia d Saúde do Servizo de Prevención Alleo.

### Centros de traballo do Campus de Ourense

Recoñecemento médico nas instalacións do Servizo de Vixilancia da Saúde do Servizo de Prevención Alleo.

Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

### *Apertura da campaña periódica de vixilancia da saúde*

Casos específicos nos que se solicite realizar o recoñecemento médico nun Servizo de Vixilancia da Saúde do Servizo de Prevención Alleo, que non se corresponda co asignado ao Campus do seu centro de traballo:

Solicitaráanse segundo os prazos determinados para o centro no que se desexen realizar.

Solicitar cita no Servizo de Prevención de Riscos Laborais:

Tel. 986 81 40 88

Enderezo electrónico [sprlformacionsaude@uvigo.es](mailto:sprlformacionsaude@uvigo.es)

Casos específicos derivados de anulación de citas:

A anulación de citas deberá ser cursada expresamente ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais:

Tel. 986 81 40 88

Enderezo electrónico [sprlformacionsaude@uvigo.es](mailto:sprlformacionsaude@uvigo.es)

Cando o traballador comunique que desexa anular a cita, e desexe solicitar outra, o Servizo de Prevención de Riscos Laborais coordinará directamente a disposición da nova cita.

Casos específicos derivados de recoñecementos médicos pola tarde:

En todo caso, a analítica sempre realizase en horario de mañá.

Os recoñecementos médicos pola tarde só realizaranse na Unidade de Vixilancia da Saúde do Campus de Lagos Marcosende de Vigo.

Deberanse solicitar e coordinar directamente co Servizo de Prevención de Riscos Laborais:

Tel. 986 81 40 88

Enderezo electrónico [sprlformacionsaude@uvigo.es](mailto:sprlformacionsaude@uvigo.es)

#### **Avisos**

Cada semana enviarase un recordatorio aos traballadores/as que teñen próxima a súa cita (o aviso realizase por correo electrónico, polo que só efectuarase para aqueles traballadores/as que facilitasen o seu enderezo de correo electrónico).

A inscrición no "DPRL-11-03: listado de citas de recoñecementos médicos", dun Centro de traballo distinto ao da súa adscrición, pero correspondente ao mesmo Campus do seu centro de traballo, realizarase de forma ordinaria, e será válida por defecto, sen prexuízo de que o Servizo de Prevención de Riscos Laborais poida solicitar explicación, e reasignar a cita de forma xustificada.

Calquera incidencia, aclaración ou consulta relacionada cos recoñecementos médicos, deberá comunicarse ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais:

Tel. 986 81 40 88

Enderezo electrónico [sprlformacionsaude@uvigo.es](mailto:sprlformacionsaude@uvigo.es)

Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

## Apertura da campaña periódica de vixilancia da saúde

### *Material entregado ao traballador/a no momento de solicitar a cita*

Kit para a recollida da mostra de urina (composto por vaso de plástico branco, tubo transparente, e etiqueta-pegatina).

Presente instrución.

---

### *Analítica e recoñecemento médico*

Levar documento nacional de identidade (DNI), ou outra documentación de identificación legalmente válida.

A súa realización poderá coincidir ou non co día recoñecemento médico, estando en función da organización das citas específicas para cada caso.

Realízanse en horario de mañá (en xeral, durante o intervalo comprendido entre as 08:30 a.m. e as 10:30 a.m. De forma aproximada, por razón principalmente de non prolongar o xaxún de forma innecesario).

#### Extracción de sangue:

- Deberá acudir en xaxún de 12 horas, sen inxestión de alcohol e evitando que a cea anterior sexa rica en graxas.
- Está permitido beber auga antes da extracción.
- Comunique ao equipo médico calquera dato que considere de interese: se está tomando medicamentos (non é necesario interromper a súa medicación habitual), se está a fecar algunha dieta, se padece algunha enfermidade, se está embarazada, etc.

#### Recollida de urina:

- Recolla a primeira urina da mañá no vaso de plástico branco facilitado, rexeitando o primeiro chorro.
- Verter a urina do vaso de plástico branco no tubo transparente facilitado, ata completar as  $\frac{3}{4}$  partes do tubo, de forma aproximada.
- Cerrar o tubo presionando o tapón e limpar o tubo por fora.
- Cubrir os datos da etiqueta-pegatina, e pegala ao tubo (recoméndase cubrir a etiqueta-pegatina antes de pegala).

Todos aqueles traballadores/as que utilicen gafas e/ou lentes de contacto (graduadas en ambos casos) deberán acudir ao recoñecemento médico cunha delas.

---